

142/80

1

ID: 142/80

ID: 861

PROVINCIA: LUGO	MUNICIPIO: PANTON
-----------------	-------------------

N: 50.000/188
N: Monte: 8

CARPETA-FICHA DEL MONTE:

" SAMPAYO "

COMUNIDAD PROPIETARIA

V^s:

ACEDRE (P^a)

CLAVE DEL MONTE

PROVINCIA	MUNICIPIO	COMUNIDAD PROPIETARIA	MONTE
LU	41	1.	1

SUPERFICIE
HECTAREAS

225

1

142-80

JURADO PROVINCIAL
DE
MONTES VECINALES EN MANO COMUN
LUGO

En la Ciudad de Lugo, a veintidós de Noviembre de mil noveciento ochenta y dos, reunido el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, en la Sala de Juntas del Gobierno Civil, acordó la clasificación como tal del monte "SAMPAYO", a tenor de la siguiente Resolución:

Visto en el día de la fecha el expediente de clasificación del monte "SAMPAYO", expediente 142/80, ubicado en el término municipal de Pantón, promovido a instancias de la Administración Forestal y

RESULTANDO: que el 20 de Octubre de 1.980, el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común acordó la iniciación y tramitación del expediente de clasificación del monte "SAMPAYO", designando como Instructor al Vocal D. Manuel Martínez Garrido,

RESULTANDO: que el 3 de Noviembre de 1.980, se dictó Providencia por la que se daba comienzo al expediente 142/80, poniendo por cabeza del mismo copia del Acuerdo del Jurado Provincial y la documentación aportada,

RESULTANDO: que el 3 de Noviembre de 1.980, en relación con el monte "SAMPAYO" se dictó Providencia para que se requiriese al Ayuntamiento de Pantón para que remitiese:

- a) Certificación de su posible inscripción en el Registro de la Propiedad,
- b) Certificación de su posible inclusión en el Inventario de Bienes Municipales y
- c) Certificación de su posible consorcio con la Administración Forestal para su repoblación,

RESULTANDO: que el 3 de Noviembre de 1.980, se acordó recabar del ICONA Certificación relativa a si el monte "SAMPAYO" figuraba en el Catálogo de los de Utilidad Pública de la Provincia de Lugo,

RESULTANDO: que el 3 de Noviembre de 1.980, se remitió Edicto al Ayuntamiento de Pantón poniendo en conocimiento de todos los interesados la incoación del expediente de clasificación, a fin de que pudieran comparecer e intervenir en él en defensa de sus derechos o intereses,

RESULTANDO: que el 4 de Diciembre de 1.980, se recibió Certificación del ICONA haciendo constar que el monte forma parte del denominado "SAMPAYO", número 58 del Catálogo de los de Utilidad Pública de la Provincia de Lugo,

RESULTANDO: que el 8 de Julio de 1.982, se recibieron Certificaciones del Ayuntamiento de Pantón, en el sentido de que el monte "SAMPAYO":

- a) figura incluido en el Inventario de Bienes Municipales por la parroquia de Acedre,
- b) no se encuentra inscrito en el Registro de la Propiedad y
- c) no se encuentra consorciado con la Administración Forestal,

RESULTANDO: que el 8 de Julio de 1.982, se recibió Certificación del Ayuntamiento de Pantón haciendo constar que el Edicto estuvo expuesto al público, sin que se recibiese reclamación alguna,

RESULTANDO: que durante la tramitación del expediente no se recibió ninguna reclamación,

RESULTANDO: que en el expediente de investigación previa, unido con cuerda floja, figura la declaración de diversos vecinos que afirman que el monte, desde

tiempo inmemorial, está en la posesión del común de los vecinos de la parroquia, que lo han venido aprovechando mancomunadamente para pastoreo, rozas de matorral y cañadas; también afirman que a los posibles beneficios que produzca el monte, se consideran con derecho todos los vecinos de Acedre,

RESULTANDO: Que de la Propuesta del Instructor se desprende que el monte "SAMPAYO" viene siendo aprovechado por los vecinos de la parroquia de Acedre, por su condición de tales, sin asignación de cuotas, por lo que reviste el carácter de vecinal en mano común,

RESULTANDO: Que en la instrucción del expediente se han cumplido los trámites y formalidades que establecen la Ley de Montes Vecinales en Mano Común y su Reglamento, así como la Ley de Procedimiento Administrativo,

Vistas las citadas Leyes y Reglamento y disposiciones de pertinente aplicación,

CONSIDERANDO: Que el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común tiene competencia y jurisdicción para conocer el expediente promovido por la Administración Forestal, con capacidad y legitimación para ello,

este Jurado Provincial, a la vista de los antecedentes y consideraciones reseñadas, acuerda:

1º.- CLASIFICAR como en mano común el monte de las siguientes características:

Nombre "SAMPAYO".



Superficie: 225 Hás.

Pertenencia: Vecinos de la parroquia de Acedre.

Parroquia: Acedre.

Término municipal: Pantón.

2º.- Que se remita Certificación de esta Resolución firme al Sr. Registrador de la Propiedad, para la inscripción del monte a nombre de la Comunidad titular del mismo, a tenor de lo dispuesto en el artículo 30.º del Reglamento de Montes Vecinales en Mano Común.



Prov. ¹	Munic. ²	Comunidad Prop. ³	N.º monte
LU	41	1	1

CLAVE DEL MONTE

• 3.- ESTADO FISICO

Ref. Índice

3.1 SITUACION. ALTITUD. ACCESOS.

Este monte "SAMPAYO" de la parroquia de ACEDRE está situado en la esquina NO. del término parroquial, formado por lomas y laderas que suben hacia el NO. hasta los altos de Pena da Serra y As Bouzas en las divisorias con la parroquia de Frontón por el O. y de Cangas-Santiago por el N.

El terreno es bastante accidentado, con fuertes pendientes en las faldas y algo más suaves en los altos, con altitudes comprendidas entre los 350 y 661 m.

Los únicos accesos directos son los caminos de servicio, enlazados en la parroquia de Acedre con el camino vecinal al apeadero de Aréas, y por la parte alta con la carretera local de la Estación de San Esteban a Ferreira de Pantón.

3.2 SUPERFICIE.

225 Has., obtenidas mediante planimetrado sobre 1/25.000.

3.3 LINDEROS.

N.- Monte "Sampayo" de la parroquia de Cangas-Santiago.


E. y S.- Fincas particulares de la parroquia.

O.- Monte "Hérvedo" de la parroquia de Frontón.

3.4 DESCRIPCION DEL PERIMETRO.

Los únicos límites destacables en el perímetro

Ref. Índice	CLAVE DEL MONTE	Prov.*	Munim.*	Demarcad. Prov.*	N.º monte
		LU	41	1	1
3.4	de este monte "SAMPAYO" de la parroquia de ACE-DRE son: - Por el N. divide con monte "Sampayo" de la pa- rroquia de Cangas-Santiago, bajando de hacia Marco de Saramagude hacia el E. por As Bouzas hasta las fincas particulares en dirección al Marco de Rebordaos. - Por el E. y S. sigue la poligonal del cierre de las fincas particulares en dirección resul- tante S.O. hasta la loma de Montemiau. - Por el O. divide con monte "Hérvedo" de la pa- rroquia de Frontón subiendo por la loma de Mon- temiau y Pena de Serra hasta la línea que por As Bouzas sube a Marco de Saramagude.				
3.5	OBSERVACION SOBRE LIMITE CON FINCAS PARTICULARES. El límite de este monte "SAMPAYO" de la parroquia de ACEBRE con fincas particulares no puede ser muy preciso si se tiene en cuenta que algunas de éstas ocupan antiguos terrenos del monte comunal; en consecuencia, se ha llegado con los límites de éste hasta donde hay duda razonable de que puede pertenecer al mismo. En el caso de que este monte sea calificado como vecinal en mano común, tal vez resulte necesario un deslinde parcial en tal colindancia con par- ticulares, siguiendo los mismos criterios que en la calificación.				





**DONA ANA MANUELA BELINCHÓN JIMÉNEZ, SECRETARIA DO XURADO
PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN,**

CERTIFICA:

Que na sesión celebrada polo Xurado Provincial coa data do dezasete de decembro de dous mil oito, figura o acordo seguinte:

<< 4. Varios:

- k) Monte **DE SAMPAIO** (expediente 142/80), pertencente aos veciños da parroquia de **ACEDRE**, no termo municipal de **PANTÓN**, e clasificado como veciñal en man común por resolución con data 22 de novembro de 1982 e Monte **DE SAMPAIO** (expediente 145/80), pertencente aos veciños da parroquia de **SANTIAGO DE CANGAS**, no termo municipal de **PANTÓN**, e clasificado como veciñal en man común por resolución con data 22 de novembro de 1982. Con data 29 de xullo de 2008 tivo entrada escrito asinado por **D. JUAN ASENSIO PEDRIDO RODRÍGUEZ** e **D. MIGUEL GONZÁLEZ SÁNCHEZ**, como presidentes das xuntas reitoras de Acedre e Santiago de Cangas respectivamente, dando traslado dun acordo de **deslinde de avinza** practicado entre estas comunidades, en canto ás liñas divisorias que separan os dous montes, aprobado mediante acto conciliatorio celebrado o 21 de xullo de 2008, perante o Xulgado de Paz de Pantón; xuntan acta do deslinde, planos topográficos, acta de conciliación levantada no Xulgado e certificacións de aprobación por parte das comunidades implicadas. Dado traslado do devandito deslinde ao Servizo de Montes e Industrias Forestais, recíbese nota interior, con data 1 de decembro de 2008, na que se especifican as modificacións da superficie que se producen como consecuencia da avinza, quedando o monte **DE SAMPAIO de ACEDRE**, cunha superficie de **213 hectáreas, 49 áreas e 49 centiáreas**, e o monte **DE SAMPAIO de SANTIAGO DE CANGAS**, cunha superficie de **228 hectáreas, 77 áreas e 27 centiáreas**. Examinada a documentación referida, o Xurado, por unanimidade, **ACORDA**, aceptando o deslinde practicado, proceder ás oportunas modificacións nos expedientes, e constancia a nivel do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común, de conformidade co mesmo.

(...) >>


E para que conste, para a súa remisión a **D. JUAN ASENSIO PEDRIDO RODRÍGUEZ**, e sen prexuízo da ulterior aprobación da **ACTA** da sesión á que se fai referencia, expido a presente co V. e Pr. do Sr. Delegado Provincial da Consellería do Medio Rural, Presidente do Xurado, en Lugo, a doce de xaneiro de dous mil nove.

Vº e Pr.

**O DELEGADO PROVINCIAL
PRESIDENTE DO XURADO,**



Asdo: Emilio López Pérez.



 XUNTA DE GALICIA		 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL Delegación Provincial de Lugo Servizo de Montes e I.F.	
MVMC DE SAMPAIO (ACEDRE) DESPOIS DA AVINZA		AVINZA ENTRE OSMMVVMC DE SAMPAIO (Exp: 142/80) DA PARROQUIA DE ACEDRE E SAMPAIO (Exp: 145/80) DA PARROQUIA E SANTIAGO DE CANGAS NO CONCELLO DE PANTÓN	
Escala: 1:10000	Nº Plano: 2		
 MVMC Sampaio (Exp: 142/80) da parroquia de Acedre, despois da avinza (213 ha, 49 a e 49 ca)		Lugo, 01 de decembro de 2008 O ENXEÑEIRO DE MONTES Fernando Rengifo Méndez-Núñez	



XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 3/2016

RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:

D. M^a Olga Iglesias Fontal

VOGAIS:

D. Ramón Rozadillas Valverde

D. Luís Casais Fernández

D. Antonio José López-Acuña Herrero

SECRETARIA:

Dna. Lucía Belver Quiroga

Na cidade de Lugo, o día 15 de marzo de 2017, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na sala de xuntas da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN**: Visto no día da data o expediente número 3/2016 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **SAMPAIO (AMPLIACION)**, no concello de **PANTÓN**, iniciado por acordo do xurado do 29 de marzo de 2016, sendo vogal instructor **D. RAMON ROZADILLAS VALVERDE**, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo vogal instructor (11-4-2016), iniciase o expediente 3/2016 **(a instancia de Enrique Gómez Álvarez, como presidente da xunta reitora do MVMC de Acedre)** e ponse, como encabezamento, a certificación da **acta** da sesión do xurado na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vogal instructor.

SEGUNDO: O día 4-10-2016 solicítase ao Servizo de Montes, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **Lugo**.

TERCEIRO: O día 6-10-2016 recíbese un certificado do Servizo de montes, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, no que consta que o monte **SAMPAIO (AMPLIACIÓN)** non figura incluído no catálogo dos de utilidade Pública da provincia de **Lugo**.

CUARTO: O día 6-10-2016 solicítanselle os seguintes documentos ao **Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos**:

- Certificación dos asentos que poidan afectar ao terreo en cuestión, con indicación do nome das persoas a favor das que estea inscrito, título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase, inscritas ou anotadas, e que estean vixentes na actualidade, segundo os asentos.
- Certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

QUINTO: O día 15-11-2016 recíbese unha comunicación do rexistro da propiedade de que non é posible identificar as parcelas aos efectos de expedir o certificado solicitado.



SEXTO: O día 15-12-2016 comunícaselle a iniciación do expediente ao **Servizo de Montes**, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural.

SÉTIMO: O día 15-12-2016 comunícaselle ao **Concello de Pantón** a iniciación do expediente e envíaselle un **EDICTO** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia aos que pertence o monte.

OITAVO: O día 15-12-2016 comunícase a iniciación do expediente a Enrique Gómez Álvarez, como presidente da xunta reitora da comunidade de Acedre.

NOVENO: O día 15-12-2016 comunícase a iniciación do expediente ao **Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos** e solicítase a **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

DÉCIMO: O día 15-12-2016 envíase un **EDICTO** para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE) ca finalidade de comunicar a todas as persoas interesadas a iniciación do expediente e así poidan comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

DÉCIMO PRIMEIRO: O día 2-1-2017 aparece publicado o **EDICTO** no **DOG** número 1, páxina 139, mediante o que se publica a iniciación do expediente de clasificación do monte **SAMPAIO (AMPLIACIÓN)**.

DÉCIMO SEGUNDO: O día 5-1-2017 aparece publicado o **EDICTO** no **BOE** número 4, no Suplemento de Notificacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRO: O día 12-1-2017 recíbese unha notificación do Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos da suspensión da anotación preventiva, debido a que os datos aportados resultan insuficientes para practicar os asentamentos solicitados.

DÉCIMO CUARTO: O día 19-1-2017 ten entrada un escrito de alegacións asinado por Carlos Vilariño Martínez, en representación da comunidade do MVMC de Sampaio de Cangas-Santiago, no que expón que as parcelas 119 e 963 do polígono 58 son propiedade dos veciños de Cangas-Santiago.

DÉCIMO QUINTO: O día 17-2-2017 comunícaselle ao representante da comunidade de Acedre o dereito da comunidade á elección de dúas persoas que poderán asistir (con voz pero sen voto) á reunión do xurado na que se estude o expediente do monte **SAMPAIO (AMPLIACIÓN)**.

DÉCIMO SEXTO: O día 6-3-2017 foi presentada unha certificación do Concello de Pantón conforme a que o edicto estivo exposto no taboleiro de anuncios dende o 22-12-2016 ata o 3-2-2017.

DÉCIMO SÉTIMO: O 6-3-2017 foi presentada a comunicación dos vogais representantes da comunidade de **Acedre** na reunión do xurado. Resultaron elixidos: **José Manuel López Fernández** e **José Luis Pedrido Pérez**.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdición para coñecer o expediente. Esta competencia élle atribuída polo artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.
2. Examinada a documentación do presente expediente, e tendo en conta **as alegacións presentadas**, realízase a seguinte consideración:

As parcelas indicadas pola comunidade de Cangas-Santiago (119 e 963 do polígono 58 de Pantón) non son obxecto de clasificación neste expediente.



3. De acordo co artigo 1º da devandita lei, son montes veciñais en man común os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen á agrupacións veciñais na súa cualidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.
4. Examinada a documentación do presente expediente e analizadas as alegacións presentadas, cabe manter o comprobado no estudo previo, realizado polo Servizo de Montes coa elaboración da carpeta-ficha, e aceptar a proposta do instructor.

Atendendo, ao tipo de aproveitamento comunitario que presenta, considérase que o monte de **SAMPAIO (AMPLIACION)** reviste o carácter de veciñal en man común, conforme ao disposto no artigo 1 da devandita lei.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, **RESOLVE:**

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte coas seguintes características:

Nome: **SAMPAIO (AMPLIACIÓN)**
Pertenza: veciños/as da **parroquia de ACEDRE**
Parroquia: **ACEDRE**
Concello: **PANTÓN**
Superficie: **6,13 hectáreas**

Parcelas da ampliación e estremas:

Parcelas da ampliación	Linde	Polígono	Parcela
PARCELA 1 (parcelas 420, 421-polígono 58)	Norte	58	418
		58	398
	Leste	58	399
		58	400
		58	401
		58	409
		58	408
		58	517
		58	518
	Sur	58	519
		58	533
		58	422
	Oeste	58	428
		58	425
		58	9015
		58	419
PARCELA 2 (parcela 922-polígono 58)	Norte	58	920
	Leste	58	924
	Sur	58	923
		58	9013
	Oeste	58	914




PARCELA 3 (parcela 747-polígono 59)	Norte	59	742
		59	743
		59	746
	Leste	59	550
		59	551
		59	552
		59	553
		59	554
	Sur	59	705
	Oeste	59	706
		59	707
		59	708
		59	709
		59	748
PARCELA 4 (parcela 347-polígono 59)		59	741
	Norte	59	338
			331
			330
			326
			316
	Leste	59	297
			298
			299
			300
			301
			308
			309
			310
PARCELA 5 (parcelas 227, 234-políg. 59 e parcela 598-políg.84)	Sur	59	313
	Oeste	59	258
			348
			337
	Norte	84	597
	Leste	59	9009
		59	222
			223
	Sur		226
			237
			235
	Oeste	59	126
		59	9009

Tendo en conta esta ampliación, o MVMC da comunidade de ACEDRE conta cunha superficie de **219,63 hectáreas.**

Lugo, 15 de marzo de 2017



[Handwritten signatures and initials in blue ink]



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Departamento Territorial de Lugo
Servizo de Montes

galicia

Plano de:
Ampliación da clasificación do monte veciñal
en man común de Sampaio (Exp 142/80), sito
no concello de Pantón.

Monte: **Sampaio**
Pertenza **Veciños de Acedre**
Superficie previa á ampliación **213,50 Ha**
Superficie ampliada **6,13 Ha**
Superficie posterior **219,63 Ha**

Municipio: **Pantón**

Escala: **1:4.000**

Plano 3C. Situación das parcelas
de ampliación (catastro)

Coordenadas UTM_Sist. Ref.: ETRS89


Sampaio_previo
 Parcelas_solicitadas

Visto e prace
O xefe do Servizo de Montes

Raimon Rozadilla Vaquerde

Área Técnica de Montes de Xestión
Pública
Lugo, 2 de febreiro de 2016

Santiago Fraga Sáenz
Enxeñeiro de Montes



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Departamento Territorial de Lugo
Servizo de Montes

gálicia

Plano de:
Ampliación da clasificación do monte veciñal
en man común de Sampaio (Exp 142/80), sito
no concello de Pantón.

Monte: **Sampaio**
Pertenza: **Veciños de Acedre**
Superficie previa á ampliación **213,50 Ha**
Superficie ampliada **6,13 Ha**
Superficie posterior **219,63 Ha**

Municipio: **Pantón**

Escala: **1:4.000**

Plano 3B. Situación das parcelas
de ampliación (catastro)


Coordenadas UTM_Sist. Ref.: ETRS89

Sampaio_previo
Parcelas_solicitadas



Área Técnica de Montes de Xestión
Pública
Lugo, 2 de febreiro de 2016

Santiago Fraga Sáenz
Enxeñeiro de Montes



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Departamento Territorial de Lugo
Servizo de Montes

gálicia

Plano de:
Ampliación da clasificación do monte veciñal
en man común de Sampaio (Exp 142/80), sito
no concello de Pantón.

Monte: **Sampaio**
Pertenza: **Veciños de Acedre**
Superficie previa á ampliación: **213,60 Ha**
Superficie ampliada: **6,13 Ha**
Superficie posterior: **219,63 Ha**

Municipio: **Pantón**

Escala: **1:10.000**

Plano 2. Situación do monte
coas parcelas de ampliación

Coordenadas UTM, Sist. Ref.: ETRS89

Área Técnica de Montes de Xestión
Pública
Lugo, 2 de febreiro de 2016

Santiago Fraga Sáenz
Enxeñeiro de Montes

Ramón Rozadillas Valverde



XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº 2/2019

RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:

Mª Olga Iglesias Fontal

VOGAIS:

*Mª Esmeralda Mouriz Fernández
Antonio José López-Acuña Herrero
Miguel Ángel Cela González*

SECRETARIA:

Lucía Belver Quiroga

Na cidade de Lugo, o día **11 de xaneiro de 2021**, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na sala Muralla, da Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

Visto no día da data o expediente número 2/2019 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **ACEDRE (AMPLIACIÓN)**, no concello de **PANTÓN**, iniciado por acordo do xurado do 27.3.2019, sendo vogal instrutor Miguel Ángel Cela González, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Na sesión do 27.3.2019 iníciase o expediente 2/2019, a instancia de José Luís Pedrido Pérez, como presidente da comunidade de Acedre. Na mesma sesión, o vogal Carlos Vázquez Díaz é designado instrutor do expediente.

SEGUNDO: O día 6.11.2019 notifícasele ao presidente da comunidade de Acedre, José Luís Pedrido Pérez, o acordo do xurado do 29-10-2019, polo que se nomea a Miguel Ángel Cela González como novo instrutor do expediente, quen acepta o cargo o 31.10.2019.

TERCEIRO: O día 12.12.2019 solicítase ao Servizo de Montes, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, unha certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **Lugo**.

CUARTO: O día 12.12.2019 o Servizo de Montes emite certificación na que consta que o monte Penas (ampliación) non figura incluído no catálogo dos de utilidade Pública da provincia de **Lugo**.

QUINTO: O día 16.12.2019 solicítanselle os seguintes documentos ao **Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos**:

Certificación dos asentos que poidan afectar ao terreo en cuestión, con indicación do nome das persoas a favor das que estea inscrito, título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase, inscritas ou anotadas, e que estean vixentes na actualidade, segundo os asentos.

Certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.



SEXTO: O día 30.1.2020 a rexistradora da propiedade emite un certificado no que indica que suspende a expedición da certificación solicitada por non ser suficiente a identificación catastral dos terreos obxecto do expediente.

SÉTIMO: O día 16.6.2020 notifícaselle ao presidente da comunidade de Acedre, José Luis Pedrido Pérez, o acordo do xurado do 10.6.2020 polo que se amplía o prazo de resolución por un ano máis.

OITAVO: O día 26.6.2020 comunícaselle a iniciación do expediente ao **Servizo de Montes**, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, con indicación do prazo para presentar alegacións.

NOVENO: O día 26.6.2020 comunícase a iniciación do expediente a José Luis Pedrido Pérez, como presidente da comunidade de Acedre, con indicación do prazo para presentar alegacións.

DÉCIMO: O día 26.6.2020 envíaselle unha comunicación ao Concello de Pantón da a iniciación do expediente e remíteselle un edicto para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume da parroquia onde radica a comunidade.

DÉCIMO PRIMEIRO: O día 26.6.2020 comunícase a iniciación do expediente e o prazo para alegar a Carlos Vilariño Martínez, como presidente da comunidade Cangas-Santiago, debido a que a parcela obxecto de clasificación ten como titular catastral a *monte comunal veciñal de Cangas Santiago*.

DÉCIMO SEGUNDO: O día 26.6.2020 comunícase a iniciación do expediente ao Rexistro da Propiedade de Chantada e solicítase a **anotación preventiva**.

DÉCIMO TERCEIRO: O día 26.6.2020 comunícaselle á Xerencia Territorial do Catastro a iniciación do expediente coa identificación das referencias catastrais obxecto da clasificación.

DÉCIMO CUARTO: O 14.7.2020 sae publicado o anuncio no DOG, mediante o que se fai público o inicio do expediente de clasificación de SAMPAIO DE ACEDRE (AMPLIACIÓN) así como a apertura dun prazo para presentar alegacións.

DÉCIMO QUINTO: O día 27.7.2020 ten entrada un escrito do Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos mediante o que comunica a suspensión da práctica da anotación preventiva solicitada por entender que os datos de identificación son **insuficientes**.

DÉCIMO SEXTO: O día 9.9.2020 envíaselle á comunidade de Acedre unha notificación relativa ao dereito de elección de dúas persoas que poderán asistir (con voz pero sen voto) á reunión do xurado na que se estude o expediente do monte SAMPAIO DE ACEDRE (AMPLIACIÓN).

DÉCIMO SÉTIMO: Non foron presentadas alegacións.

DÉCIMO OITAVO: Non comunicaron representantes para asistir á reunión do xurado

DÉCIMO NOVENO: O presente procedemento quedou suspendido coa aprobación do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que na súa disposición adicional terceira estableceu con carácter xeral a suspensión dos prazos administrativos.



A dita suspensión foi levantada pola Resolución de 20.5.2020, do Congreso dos Deputados, pola que se ordena a publicación do acordo de autorización da prórroga do estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, que no punto 10º derroga a disposición anterior e establece a reanudación dos prazos o 1.6.2020.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdición para coñecer o expediente. Esta competencia élle atribuída polo artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.
2. De acordo co artigo 1º da devandita lei, son montes veciñais en man común os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen á agrupacións veciñais na súa cualidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.
3. Examinada a documentación do presente expediente, e posto que non constan alegacións en contra da clasificación, cabe manter o comprobado no estudo previo realizado polo Servizo de Montes coa elaboración da carpeta-ficha.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, **RESOLVE:**

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte coas seguintes características:

Nome: SAMPAIO DE ACEDRE (AMPLIACIÓN)

Pertenza: Veciños da parroquia de Acedre

Parroquia: Acedre

Concello: Pantón

Superficie: 1,54 hectáreas


Zona de ampliación e estremas:

Parcela obxecto de clasificación	Concello	Estremas	
27041A058009640000AF	Pantón	Norte	27041A05809005 27041A05800270
		Leste	27041A05800160 27041A05800161 27041A05800163 27041A05800165 27041A05800953 27041A05800171



Parcela obxecto de clasificación	Concello	Estremas	
			27041A05800173 27041A05800174 27041A05800179
		Sur	27041A05800939 27041A05800269
		Oeste	27041A05800268 27041A05800266 27041A05800261 27041A05800262 27041A05800265

Tendo en conta esta ampliación, o MVMC de Sampaio de Acedre conta cunha superficie de 221,17 hectáreas



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
Departamento Territorial de Lugo
Servicio de Montes



Plano de: Carpeta:55/2018 Ampliación da clasificación do monte veciñal en man común de Sampaio (exp142/80 e 3/2016)	Monte: Sampaio Pertenza Veciños de Acedre Superficie previa 219,63 Ha Superficie de ampliación 1,54 Ha Superficie posterior 221,17 Ha	Municipio: Pantón
---	--	--------------------------


Escala: 1:3.000

Plano 3. Situación do predio
obxecto de ampliación (catastro)



O xefe de área
Lugo, 29 de xaneiro de 2019

Carlos Vázquez Díaz
Enxeñeiro de Montes



Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **17 de marzo de 2023**, figura o seguinte acordo:

MVMC Hervededo, Costa de Reboiras, Espiñeiro, Costa Tilleira e Biduedo (exp. 147/80), pertencente aos veciños da parroquia de Frontón; e **MVMC Sampaio** (exp. 142/80), pertencente aos veciños da parroquia de Acedre, ambos no concello de Pantón.

O 29.9.2022 foi presentada unha solicitude relativa ao acordo de deslindamento levado a cabo por avinza entre as citadas comunidades, en canto á liña divisoria que separa os seus montes veciñais.

Aportan acta de deslindamento, planos topográficos, acta de conciliación ante o Xulgado de Paz de Pantón e certificacións de aprobación por parte das comunidades implicadas.

O 21.12.2022, o Servizo de Montes emite un informe (**2022_80**) no que se recollen as modificacións que se producen como consecuencia do deslindamento acordado e se especifican as seguintes superficies resultantes:

- **MVMC Hervededo, C.Reborias, Espiñeiro, C. Tilleira e Biduedo:** 391,2 hectáreas.
- **MVMC Sampaio de Acedre:** 220,53 hectáreas

Examinada a documentación presentada, o xurado, por unanimidade, ACORDA aprobar o deslindamento practicado e proceder ás oportunas modificacións nos respectivos expedientes.

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da presidenta do xurado.

Lugo, data da sinatura electrónica

A secretaria do xurado
Lucía Belver Quiroga

Visto e praxe
A presidenta do xurado
M^a Olga Iglesias Fontal



